

O património nas ondas

RE- TRANSMITINDO O PATRIMONIO

PNO!

PONTE...NAS ONDAS!

 PATRIMÓNIO IMATERIAL
GALEGO-PORTUGUÉS

www.pontenasondas.org

Obradoiro participativo
para todos os públicos.

Patrimonio, música,
radio, oralidade...

PNO!
PONTE...NAS ONDAS!



PATRIMÓNIO IMATERIAL
GALEGO-PORTUGUÉS

Obradoiro-espectáculo-concerto

Os obradoiros adaptanse a todas as idades e espazos. Conta cunha exposición de instrumentos de corda históricos que poden ser manipulados e interpretados polo alumnado.



SINOPSE:

O obradoiro dá participación á audiencia asistente mediante a súa intervención en diferentes partes da sesión.

Con antelación, envíase un esquema do formato cos contidos que se van desenvolver e onde se contempla a participación do alumnado nos diferentes apartados.

O formato será o dun *magazine* radiofónico conducido por alumnos/as que farán unha presentación e terán guionizada toda a sesión onde se contemplan as intervencións en directo de Pancho Álvarez, a emisión de gravacións e a proxección de vídeos e carteis, ademais da participación de alumnado.

Cun sinxelo equipo de son (manexado polo alumnado), os/as presentadores/condutores do “programa” en directo realizarán unha primeira presentación de Pancho Álvarez.

A partir da presentación inicial, os condutores do programa irán preguntándolle a Pancho Álvarez polo proxecto “O patrimonio nas ondas” baseado no seu traballo “Cordas históricas”. Pancho Álvarez comezará presentado os diversos instrumentos relativos a diferentes períodos históricos.

A partir de aí faise un percorrido musical por diferentes etapas históricas con interpretacións de Pancho Álvarez e alumnado voluntario.


A RE-TRANSMISIÓN

O obradoiro O PATRIMONIO NAS ONDAS pretende transmitir as expresións do patrimonio cultural galego-portugués dunha forma dinámica e participativa na que os asistentes se sintan intérpretes e protagonistas a través dunha sesión co instrumentista e compositor Pancho Álvarez.

A música realízase en directo e o contido musical abrangue un amplo conxunto de melodías, cantigas medievas, muiñeiras, xotas, alboradas, viras, cana verde, mallãos.

Os instrumentos de corda, desde unha reprodución dunha lira da idade de bronce, atopada nun petróglifo no norte de Portugal, até a guitarra eléctrica, pasando polo organistrum, zanfona, arpas medievas, rota, salterio, fídulas, cítolas (moitos deles presentes en distintos pórticos galegos), vihuela renacentista, viola de gamba, guitarras barroca e romántica, etc.

Pódense escoitar, sempre baixo a referencia da música tradicional galega e portuguesa, unha grande variedade de timbres e sonoridades que, noutro tempo, formaron parte esencial da nosa música e que, por diversos motivos, desapareceron. Cómpre resgatar este patrimonio e transmitilo ás novas xeracións.



ESQUEMA DO OBRADOIRO

- Preséntase o instrumento e móstranse representacións históricas (por exemplo, unha lira da Idade do Bronce representada nun petróglifo no norte de Portugal).
 - O alumnado participa con percusión ou algún tipo de coreografía
 - Opción de que algún alumno/a acompañe algunha interpretación de Pancho Álvarez
 - Concurso en directo con sorteo de discos de Pancho Álvarez
- o Duración da sesión: 1.30 hs.

Vídeo: <https://youtu.be/sElhsMSBhIY>

+ info: ondas@pontenasondas.org



PANCHO ÁLVAREZ

Nace no Porriño e comeza a tocar a guitarra aos dez anos cos seus irmáns. Estuda solfexo e violín no conservatorio de Vigo ao tempo que empeza, como baixista primeiro e violinista despois, a tocar no grupo NA LÚA, no que permanecerá quince anos.

Neste grupo desenvolve unha grande actividade como arranxista e compositor vinculado á música tradicional de Galicia. Realiza as súas primeiras xiras pola península, Sudamérica, Europa, etc.

Producen 6 discos:

NA LÚA – 1985

A ESTRELA DE MAIO – 1987

ONDAS DO MAR DE VIGO – 1989 (Premio da Crítica de Galiza).

CONTRADANZAS – 1991

PELIQUEIRO – 1994

OS TEMPOS SON CHEGADOS – 1997 (como convidado).

Colabora en numerosos discos doutros artistas como convidado, produtor ou arranxista.

A principios dos anos noventa forma parte do grupo MATTO CONGRIO co que realiza concertos e a gravación dun disco co mesmo nome.

Nesta época tamén forma parte do Grupo TRES co que fai o disco PARAÍSO DE LEONOR.

A partir do ano 95 comeza a súa andaina ao carón de CARLOS NUÑEZ facendo concertos por América, Europa, Asia e Australia pasando polos escenarios máis emblemáticos do mundo como o Carnegie Hall, Ópera de Sidney...

Participa nos seus discos:

A IRMANDADE DAS ESRELAS – 1997

AMORES LIBRES – 1999

MAIO LONGO – 2000

ALMAS DE FISTERRA – 2003

CARLOS NUÑEZ E AMIGOS (DVD en directo) -2004

CINEMA DO MAR – 2006

ALBORADA DO BRASIL – 2009

A IRMANDADE DAS ESTRELAS 25 ANOS-2021

Tamén grava na banda sonora da película de ALEJANDRO AMENÁBAR “MAR ADENTRO”. Película que recibe, entre outros galardóns, “Goya mellor Banda Sonora”, “Oscar mellor película de fala non inglesa”.

Aparece nos máis significativos programas de TV en numerosos países, así como a participación en diversos programas de radio.

Está presente como compositor en documentais e outros proxectos audiovisuais.

Forma parte do show de THE CHIEFTAINS entre 1997 e 2005 facendo máis de 100 concertos por toda Norteamérica, Europa e Xapón.

Con esta banda grava nos discos “SANTIAGO” -1996, premiado cun Grammy, e participa no “LIVE FROM DUBLIN A TRIBUTE TO DEREK BELL” – 2004, no “SAN PATRICIO” – 2010 e no “VOICE OF AGES” -2011.

En solitario produce e grava seis discos:

FLORENCIO, O CEGO DOS VILARES – 1998 (Premio mellor disco folc europeo 1998 pola revista FOLK WORLD).

NAS CORDAS – 2001

SÓLIDOS GALICIANOS – 2009

SONCHE ATLÁNTICO – 2012

CELTIS AUSTRALIS-2017

CORDAS HISTÓRICAS-2021

Participa nos discos colectivos CANTIGAS DE NADAL-1998 e MAREA DE MÚSICA-2004.

Nestes discos desenvolve o seu particular perfil como músico que se inspira na música tradicional de Galicia, utilizando especialmente instrumentos de corda como violín, viola, viola de gamba, zanfona, mandolina, bouzouki, guitarras eléctrica e acústica, guitarra tenor, ûd, cítolas, fídulas, arpas medievais, lira da idade de bronce, cuatro venezolano e baixo, ademais de percusións, concertina, harmónica, etc, adaptandóos, nunha permanente búsqueda, ao xeito de tocar dos instrumentos tradicionais.

É quizais o violinista máis achegado ao estilo musical propio dos cegos, en concreto ao de Florencio, o derradeiro gran violinista cego.

Como cantante explora diferentes rexistros, baixo a influencia de Florencio e Faustino Santalices.

PONTE...NAS ONDAS!

Asociación Cultural e Pedagóxica que desde 1995 vén dinamizando, a través da radio escolar, o patrimonio inmaterial galego-portugués no ámbito educativo de Galicia e de Portugal. Desde 2002 comeza un traballo sistemático co PCI (Patrimonio Cultural Inmaterial) alentado polas primeiras proclamacións das Obras Mestras do Patrimonio Cultural Inmaterial realizadas pola UNESCO.

En 2004, Ponte...nas ondas! promove a primeira candidatura multinacional do patrimonio inmaterial galego-portugués impulsada desde os centros educativos e desde a sociedade civil de dous países.

En 2015 a UNESCO acredita a Ponte...nas ondas! como ONG consultora para o PCI inmaterial, a única entidade en Galicia.

Ponte...nas ondas! ten realizado obradoiros de radio escolar por máis dun cento de centros educativos. Este 2021, a experiencia de Ponte...nas ondas! foi presentada na UNESCO por Portugal e España, co apoio da Xunta de Galicia, como candidata ao Rexistro das Boas Prácticas co PCI (Patrimonio Cultural Inmaterial),

Recoñecementos

Os 30 anos de traballo no territorio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal teñen sido recoñecidos por diferentes entidades e institucións e por persoas de diversos ámbitos.

2004. En Flensburg (Alemaña). EBLUL (European Bureau for Lesser Used Languages): Recoñece a Ponte...nas ondas! como “modelo de boas prácticas”.

2005. Xunta de Galicia. Premio Galicia de Comunicación á "Mellor iniciativa no campo da comunicación".

2006. Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) premio " Bos e Xenerosos", destinados a organizacións e entidades que desenvolven un importante labor cultural.

2013. Ministerio de Cultura, Educación e Deporte de España. “Selo de boa práctica Ibero-americana” tendo en conta, entre outros aspectos, “a calidade da experiencia na orixinalidade e creatividade, ao explorar enfoques innovadores adecuados ao contexto no cal se desenvolve, transferible a outros medios e países da comunidade Iberoamericana”.

2013. Asociación do Couto Mixto: PONTE...NAS ONDAS! Xuíz Honorario do Couto Mixto.

2014. Cadena SER. Premio ONDAS á “mellor cobertura informativa do patrimonio inmaterial galego-portugués”.

2015. UNESCO. Acredita a Ponte...nas ondas! como “ONG consultora para o patrimonio cultural inmaterial”.

2022. UNESCO. Inscribe a Ponte...nas ondas! como "Modelo de boas prácticas co PCI" a proposta de Portugal e España